

OBRADOIROS PRENADAL

Moito antes de que a sociedade de consumo importase dos países nórdicos a Papá Noel, en Galiza xa habitaba a figura mítica do Apalpador.

O Apalpador é un home de barba rubia, un vello xigante, que vive nas devesas das altas montañas facendo carbón para escorrentar o frío do inverno.

Na noite do 24 de decembro baixa ata as aldeas, métese polas chemineas nas casas e achégase aos nenos e ás nenas que dormen ao remol das mantas e apálpalles as barrigas para ver se os cativos están ben alimentados. Dálles un bico na meixela e déixalles unha presa de castañas para que non pasen fame.




Ana M^a BARREIRO ALFAYA

Os obradoiros previos ao Nadal ofrecen aos nenos e nenas a oportunidade de mergullarse no espírito do Nadal mentres desenvolven a súa creatividade, habilidades manuais e motricidade fina nun ambiente lúdico e festivo.

Ademais do seu valor creativo, destacan polo aspecto socializador, xa que permiten que nenos de distintas idades compartan experiencias e aprendan uns dos outros. Este contacto interxeracional non só enriquece a aprendizaxe, senón que fomenta a empatía, o respecto e a colaboración a través do traballo en equipo.

Así, os obradoiros reforzan o sentido de comunidade e pertenza, facendo que cada participante se sinta valorado e motivado a explorar novas formas de expresión artística.

Máis aló das actividades en si, estes talleres contribúen ao desenvolvemento integral dos nenos e deixan un recordo positivo destas datas especiais.



Obxetivos

- Obxectivo xeral:

Potenciar a creatividade e o traballo en equipo nos máis pequenos mediante actividades lúdicas de temática navideña.

- Obxectivos específicos:

1. Fomentar o espírito do Nadal e a colaboración.
2. Potenciar a creatividade e a imaxinación.
3. Achegar aos máis pequenos á tradición do Apalpador.
4. Desenvolver a motricidade fina e grossa mediante manualidades e xogos




METODOLOGÍA

- Comezar o proxecto cunha narración de Nadal, un conto sobre O Apalpador, o cal vinculamos cada actividade .
- Organizar as actividades para que os nenos traballen en parellas ou en pequenos grupos. Isto promove as habilidades de socialización e colaboración.

AVALIACIÓN

Valorar o proxecto observando a participación, a creatividade e o traballo en equipo dos nenos. Empregaremos unha rúbrica sinxela que inclúa:

1. Participación activa
2. Respeto e colaboración no grupo
3. Capacidade para seguir instrucións
4. Creatividade na execución das actividades.




O APALPADOR

O Apalpador é unha figura tradicional do Nadal en Galicia, semellante a Papá Noel, pero profundamente arraigada na cultura e simbolismo galegos. Este personaxe, tamén coñecido como Pandigueiro nalgúns lugares, é un carboeiro de barba longa e roupa gastada que vive nas montañas, simbolizando unha conexión co mundo rural e coa natureza.

Segundo a tradición, o Apalpador descende das montañas a noite do 24 ou do 31 de decembro para visitar os fogares galegos e apalpar a barriga dos nenos e nenas, asegurándose de que estean ben alimentados e desexándolles un ano de fartura.

Ademais de apalpar as barrigas, deixa castañas e pequenos agasallos como mostra de afecto, preferindo detalles sinxelos en lugar de grandes obsequios, o que reflicte un Nadal máis humilde e vinculado á terra. O Apalpador é así un símbolo dun Nadal alternativo, máis enraizado no mundo rural, que exalta valores como a sinxeleza, o coidado da terra e a solidariedade cos demais. A súa figura lembra a importancia de vivir en harmonía coa natureza e coas tradicións locais, representando un Nadal de esencia propia galega, alleo ao consumismo e centrado nos valores da colectividade e o benestar compartido.



OBRADOIROS



COMO IMAXINAS O APALPADOR

Obxectivo: Achegar aos nenos e nenas a figura de O Apalpador dun xeito creativo, fomentando a imaxinación e a interpretación persoal. Ao remate poderán poñer en común os seus debuxos, xerando un diálogo sobre como visualiza cada un este personaxe galego tan especial.

Materiais necesarios:

- Cartolinas ou follas
- Lapis, rotuladores, lapis e pinturas de cores.
- Algodón ou la (para facer a barba de O Apalpador, se se quere engadir textura)
- Tesoiras e cola
- Opcional: castañas, pólas ou recortes da natureza para decorar.

Desenvolvemento da actividade:

Comezamos cunha breve historia sobre O Apalpador: cóntase que é un personaxe galego que vive na montaña e que no Nadal baixa a ver aos nenos para comprobar que están ben alimentados e deixarlles pequenos agasallos. Preguntamos aos nenos como cren que sería este personaxe: é grande, pequeno, ten barba? Que leva na man? Isto fomentará a súa imaxinación antes de debuxar.

Repartiremos os materiais e explicaremos que van debuxar O Apalpador tal e como o imaxinan. Todos poden escoller cores e materiais para darlle personalidade á súa versión de O Apalpador. Dirémoslles que poden engadir detalles, como o seu sombreiro de la, unha barba mullida (que poden facer con algodón ou la) ou un saco de castañas.



Ao remate dos debuxos, cada neno/a pode presentar ao grupo o seu O Apalpador e explicar por que seleccionou determinadas cores ou detalles. Isto axuda a fomentar o diálogo e a creatividade colectiva.

Cada debuxo será único e que non existe unha versión “correcta” de O Appalpador.

Esta actividade non só dá a coñecer O Apalpador, senón que anima aos nenos a expresarse e comprender mellor a importancia das tradicións culturais dun xeito divertido e artístico.



APALPADOR DE GOMA EVA


Obxectivo: Esta actividade ten como obxectivo que os nenos e nenas coñezan e valoren a figura tradicional do Apalpador, unha personaxe do Nadal galego que representa valores como a sinxeleza, o coidado e a conexión coa natureza. A través da creación manual dun Apalpador en goma EVA, os participantes desenvolverán habilidades motrices finas, traballarán a creatividade e aprenderán a importancia das tradicións locais. Ademais, esta actividade promove o traballo en equipo, a colaboración e o respecto polas tradicións culturais de Galicia.

Materiais necesarios:

- Espuma EVA de varias cores
- Algodón ou la branca (para facer a barba máis realista)
- Tesoiras
- Pegamento de silicona (preferentemente frío para traballar con nenos)
- Rotuladores permanentes negros e vermellos (para detalles da cara)
- Ollos móbiles (opcional)
- Molde da cara Do Apalpador

Desenvolvemento da actividade:


- Comezaremos explicando quen é o Apalpador, a súa historia e o seu papel no Nadal galego, enfocando nos valores de coidado e solidariedade.
- Distribuiremos a cada participante o material necesario para a actividade.



- Entregaremos aos nenos un molde da cara do Apalpador como guía. Este molde debe incluír o contorno da cara, o sombreiro e a base da barba. Lles axudaremos a cortar a goma EVA seguindo o molde. Empezarán pola cara, sombreiro e despois o corpo.
- Os nenos e nenas colocarán o sombreiro na cabeza do Apalpador e aplicarán o algodón ou la branca para crear unha barba máis realista.
- Co rotulador negro, poderán debuxar os detalles do rostro (nariz, boca, pestanas) e usar o vermello para engadir rubor ás meixelas, dando un aspecto amigable.
- Pódense engadir os ollos móbiles para dar máis expresión ao rostro.
- Unha vez que teñan cada peza decorada, axudarémoslles a montar e pegar todas as partes co pegamento de silicona fría.
- Opcionalmente, os nenos poden personalizar o Apalpador engadíndolle outros pequenos detalles feitos coa goma EVA, como unhas mans ou unha pequena bolsa con castañas.

Ao remate, cada neno/a pode presentar ao grupo o seu O Apalpador e explicar por que seleccionou determinadas cores ou detalles. Isto axuda a fomentar o diálogo e a creatividade colectiva.

Esta actividade non só dá a coñecer O Apalpador, senón que anima aos nenos a expresarse e comprender mellor a importancia das tradicións culturais dun xeito divertido e artístico.



CALENDARIO DE ADVENTO

Cada neno/a deseñará o seu propio calendario de advento personalizado, utilizando sobres ou bolsas numeradas onde colocará pequenos desexos, actividades ou sorpresas.

Obxectivo: Ensinar a importancia da anticipación e desfrute da época do Nadal.

Materiais necesarios:

- Cartolina, sobres, adhesivos, rotuladores, clips, corda para colgar, sorpresas (doces, tarxetas con mensaxes).

Desenvolvemento da actividade: Os nenos decoran os sobres cos números do 1 ao 24, e no seu interior poden incluír pequenas mensaxes ou actividades para facer na casa cada día de decembro.



OBRADOIRO DE RECICLAXE DE NADAL

os nenos aprenderán a crear decoración e agasallos a partir de materiais reciclados, como botellas de plástico, cartón ou papel.

Obxectivo: Sensibilizar sobre a importancia da reciclaxe e do coidado do medio ambiente durante as vacacións.

Materiais necesarios:

- Botellas de plástico, cartón, papeis usados, pinturas, pegamento, tesoiras.

Desenvolvemento da actividade: Os nenos, utilizando materiais que normalmente serían descartados, transformaranos en obxectos útiles ou decorativos para o Nadal.




OBRADOIRO DE TARXETAS DE NADAL

Obxectivo: Os nenos e nenas crearán tarxetas de Nadal personalizadas utilizando materiais reciclados, fomentando a creatividade e o coidado polo medio ambiente. A través desta actividade, os participantes aprenderán a importancia de reutilizar materiais, explorarán diferentes técnicas de manualidades e desenvolverán habilidades artísticas ao mesmo tempo que crean un agasallo único e sostible para compartir coas súas familias ou amigos durante o Nadal.

Materiais necesarios:

- Cartolina ou cartón (poden reutilizarse caixas de cereais ou outros envases de cartón lixeiro)
- Papeles de revistas, xornais, ou papeis de cores reciclados
- Lápicos de cor, rotuladores e ceras
- Pegamento de barra ou cola branca
- Tesoiras (con puntas redondeadas, aptas para nenos)
- Elementos decorativos reciclados (botóns, cintas, lazos, anacos de papel de agasallo, etc.)

Desenvolvemento da actividade: A actividade comeza cunha charla sobre a importancia do reciclaxe e a forma de dar unha segunda vida aos materiais. A continuación, explícase a tradición das tarxetas de Nadal e o valor especial de agasallar unha tarxeta feita a man, especialmente se está elaborada con materiais que contribúen ao coidado do medio ambiente.



Os nenos recibirán materiais reciclados e, con axuda, recortarán cartón en rectángulos para a base das tarxetas, elixindo entre deseños dobrados ou planos.

Durante a creación, os nenos cortarán formas de Nadal utilizando papeis de revistas ou xornais, pegándoas na cartolina para crear as súas escenas.

Poderán personalizar as tarxetas engadindo detalles con rotuladores, lápices de cor e pequenos elementos decorativos como botóns ou purpurina ecolóxica.

Ao finalizar, compartirán as súas creacións e reflexionarán sobre a experiencia, destacando a importancia de reutilizar materiais para crear obxectos especiais e coidar o medio ambiente.



CRONOGRAMA

A idea sería realizar os obradoiros un día por parroquia, contando previamente coa autorización precisa dos locais a utilizar

| | | |
|-----------------|----------------------|--|
| 02/12 | 17.00 - 19.00 | Darbo : Ceip san roque |
| 05/012 | 17.00 - 19.00 | Ceip Espiñeira |
| 10/12/24 | 17.00 - 19.00 | Ceip A Rúa |
| 12/12/24 | 17.00 - 19.00 | Ceip o o Hio - ou Casa da Unión |
| 16/12/24 | 17.00 - 19.00 | Ceip Castrillón |

